

## AXUDA AO ALUGUEIRO DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL PARA O ACCESO Á VIVENDA 2022-2025 ( VI483A)

### INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

#### Obxecto

Facilitar o goce dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias.

#### Persoas destinatarias

Persoas físicas maiores de idade que reúnan **todos e cada un** dos requisitos seguintes:

- a. Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán contar con autorización de estadía ou residencia en España.
- b. Ser titular, en calidade de persoa arrendataria, dun contrato de alugamento de vivenda, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.
- c. Que a vivenda arrendada constituía a residencia habitual e permanente da persoa arrendataria.
- d. Que a renda mensual da vivenda non supere os importes establecidos no ordinal oitavo destas bases reguladoras.
- e. Que a suma total das rendas anuais das persoas convivintes sexan iguais ou inferiores a 3 veces IPREM. ( 2021) Este límite poderá ser de 4 ou 5 veces IPREM para condicións especiais.
- f. Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,5 veces IPREM.
- g. As persoas beneficiarias deberán atoparse ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún outro concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- h. Ningunha das persoas convivintes poderá ser propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España a excepción de non teren a súa dispoñibilidade por algunha das causas permitidas.
- i. Non ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa arrendadora.
- j. Ser socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.
- k. Ser inquilina dunha vivenda xestionada polo IGVS ou por calquera outra Administración pública.

## **Renda da vivenda**

400 € para as vivendas situadas no resto de concellos, zona territorial 2, no que se encontra o Concello de Touro

## **Contía e duración das axudas**

Axuda do **50 % da renda** que deban satisfacer polo alugueiro da súa vivenda habitual e permanente.

**A axuda concederáse anualmente e poderá acadar o prazo máximo de cinco anos**, debendo solicitar unha renovación anual no prazo que se estableza para ese fin.

## **Presentación das solicitudes**

A solicitude e documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As solicitudes deberán dirixirse á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda obxecto do contrato. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a solicitude e documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## **Prazo de presentación**

Comezará o 2 de xaneiro de 2023 e rematará o 5 de maio de 2023 e, en todo caso, ao esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria.

Este prazo poderá ser ampliado mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que deberá ser publicada no DOG.

## **Máis información**

Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfonos: 981504000/504029, extensión 1

[DOG 236 do 14/12/2022 - RESOLUCIÓN do 29 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de axuda ao alugueiro de vivenda do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, e se procede á súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2023 \(códigos de procedemento VI483A e VI483B\). \(xunta.gal\)](#)